

ESTUDO ECONÓMICO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Emítese o presente informe económico co obxecto de fixar o prezo de licitación para a contratación da xestión do Servizo da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela dado que o Concello de Santiago de Compostela considerou conveniente aos intereses municipais xestionar este servizo público, mediante xestión indirecta, dada a magnitude que co tempo foi adquirindo a prestación deste servizo público e tendo en conta que o Concello non conta con persoal e profesorado coa titulación e cualificación necesaria para atendelo directamente.

O prezo de licitación será o resultado de considerar os gastos e os ingresos estimados para unha Escola de Música cunha matrícula de 360 alumnos/as. A empresa adjudicataria obterá pois un prezo a aboar polo concello de Santiago así como os prezos públicos a satisfacer polos usuarios do servizo, que serán os establecidos na *Ordenanza municipal de prezo público pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música*, aprobada polo Pleno municipal.

GASTOS

A estrutura de **gastos** da escola municipal de música comprende os seguintes conceptos:

- 1 Gastos de persoal: retribucións, Seguridade social e outros custes.
- 2 Gastos de pólizas de seguro.
- 3 Gastos de prestacións doutros servizos.
- 4 Gastos de equipamento e materiais.
- 5 Gastos de subministros e seguridade.
- 6 Gastos de actividades.
- 7 Outros gastos.
- 8 Beneficio industrial.

1.- Gastos de persoal: Retribucións, Seguridade social e outros custes

Inclúense neste epígrafe os salarios do persoal para o funcionamento da escola municipal de música, de acordo coas especialidades instrumentais que se ofrecen e o persoal mínimo esixido no Prego de Prescricións Técnicas establecido en: 19 profesores/as, 1 conserxería-limpeza e 1 administrativo/a. Dúas persoas do profesorado exercerán, unha como Director/a e outra como Xefe/a de estudos. O resto do profesorado terá unha carga docente variable segundo o alumnado da especialidade da que se faga cargo. A empresa asume todos os custes derivados da limpeza das instalacións.

Actualmente prestan o servizo de xestión integral da Escola Municipal de Música o persoal suxeito a contrato laboral de acordo co *Convenio Colectivo Estatal para as empresas de ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos [BOE núm. 15, do 17 de xaneiro de 2007]*, e respecto dos cales se establece a obriga de subrogación polo adxudicatario. A tales efectos os datos a considerar en orde ao cálculo de custes laborais do persoal son actualmente, e según os datos facilitados pola prestataria actual do servizo de **318.190,44 euros**.

Así mesmo, tendo en conta que o persoal que ven prestando os seus servizos nesta escola deberá ser subrogado, inclúense os custes de antigüidade, absentismo e vacacións.

2.- Gastos de pólizas de seguro

O Prego de condicións técnicas establece que a *"empresa adxudicataria asumirá a súa responsabilidade civil e a do seu persoal adscrito ao contrato a través das pólizas de seguro que precise cuxa cobertura alcance calquera continxencia ou eventualidade que se produza durante o período de vixencia do contrato."* Ademais da póliza de seguro de responsabilidade civil deberá subscribir outra de accidentes en contía suficiente para garantir a cobertura dos danos por sinistro do edificio e das eventuais indemnizacións aos/ás usuarios/as. Polos balances económicos de anos anteriores e a experiencia doutros centros semellantes, o custe das pólizas de seguros estímase en **3.160,00 €**

3.- Gastos de prestacións doutros servizos.

Non se valoran os gastos pola prestación doutros servizos xa que non se esixen no prego e dependerán das ofertas dos licitantes sendo da súa responsabilidades asumir os custes dos mesmos.

4.- Gastos de equipamento e materiais


Neste apartado contémpanse os gastos de equipamento e material docente para o desenvolvemento do servizo; a empresa adxudicataria asumirá os gastos derivados do aseo e material hixiénico, os dos produtos de limpeza das instalacións, do material de oficina para os labores de secretaría, dirección e oficina, das reparacións instrumentais, afinacións, etc. Polos balances económicos de anos anteriores e a experiencia doutros centros semellantes o seu importe estímase en **6.000,00 €**

5.- Gastos de subministros e seguridade

Comprenden gastos de electricidade, calefacción, auga, teléfono, seguridade das instalacións, entre outros. Polos balances económicos de anos anteriores e a experiencia doutros centros semellantes o seu custe estimado é de **15.000,00 €**.

6.- Gastos de actividades

Contémpnanse aquí os gastos xerados polas actividades docentes e didácticas extraordinarias e extraescolares que son convenientes e necesarias para o desenvolvemento dun proxecto educativo de calidade, que se estiman en **4.000,00 €**, segundo os balances económicos de anos anteriores e a experiencia doutros centros semellantes.



CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de Educación

7.- Outros gastos

Estímanse en **5.000,00 €** o custe de gastos non contemplados nos apartados anteriores (gastos de xestión, bancarios, publicidade,...).

8.- Beneficio industrial (5%).....17.567,22 €

Como resume temos uns gastos do servizo de 368.917,96 €

INGRESOS

A estrutura de **ingresos** da Escola Municipal de Música comprende seguintes conceptos:


- 1 Prezo público de matrícula e prezo público dos servizos educativos.
- 2 Achega da Comunidade Autónoma e da Deputación
- 3 Achega do Concello

1.- Prezo público de matrícula e prezo público dos servizos educativos.

Os cálculos pódense facer en base aos ingresos para unha matrícula estimada en 360 alumnos/as (que se corresponde coa cifra do curso actual), polo que se estiman uns ingresos anuais de **175.893,50 €**, polos conceptos de prezo público de matrícula e prezo público dos servizos educativos da Escola Municipal de Música.

Os importes segundo a *Ordenanza 4.30 prezo público pola prestación dos servizos da escola municipal de música*, serán os seguintes:

CONCEPTO	IMPORTE
MATRÍCULA ANUAL	59,50 €
COTAS MENSUAIS:	
Música e movemento	
Iniciación (Música e movemento 1), dúas sesións, cunha duración de 90 minutos semanais	35,65 €.
Formación básica (Música e movemento 2), dúas sesións cunha duración de 120 minutos semanais	35,65 €
Práctica Instrumental	
Práctica instrumental + Formación musical complementaria + Actividades instrumentais de conxunto	53,50 €
Práctica instrumental + Actividades instrumentais de conxunto	42,80 €
Formación musical complementaria á práctica instrumental (linguaxe musical)	35,65 €



CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de Educación

Duración semanal:

Práctica instrumental:

Instrumento Individual. Nivel I	30 minutos semanais
Instrumento individual. Nivel II	45 minutos semanais
Actividades instrumentais de conxunto	60 minutos semanais
Formación musical complementaria á práctica instrumental (Linguaxe musical)	60 minutos semanais
Actividades Instrumentais de conxunto	60 minutos semanais

Establecéndose así mesmo os seguintes descontos aplicables a estes prezos públicos:

Os usuarios menores de 18 anos, que pertencen a familia numerosa ou sexan o terceiro ou posterior membro da unidade familiar que se matricula, non estarán obrigados ao pago do prezo público que se regula na ordenanza de prezos públicos pola prestación dos servizos da Escola Municipal de Música.

Os usuarios menores de 18 anos, que pertencen a familias con ingresos anuais netos inferiores a 3.610 euros por membro da unidade familiar, terán dereito a unha cota anual de matrícula reducida: 30 euros, e a unha redución do 20% na cota mensual establecida para a prestación de servizos ou realización de actividades na Escola Municipal de Música.

A empresa adxudicataria deberá soportar as bonificacións que sexa resultado de aplicar os descontos no pago dos prezos públicos anteriormente sinalados.

2.- Achegas da Comunidade Autónoma e da Deputación.

No caso de que se conceda algunha subvención, ésta será integramente para o concello de Santiago de Compostela.

3.- Achega do Concello

Prezo de licitación **193.024,46 €**

RESUME DO ESTUDO ECONÓMICO DA EMM

CONCEPTOS	IMPORTE (EN €)
Gastos de persoal	318.190,44
Gastos pólizas de seguro	3.160,00
Gastos de equipamento e materiais	6.000,00
Gastos de suministros e seguridade	15.000,00
Gastos de actividades	4.000,00
Outros gastos	5.000,00
Total gastos (sen beneficio industrial)	351.350,44
Beneficio industrial 5%	17.567,22
Total gastos estimados	368.917,96
Totais ingresos estimados	175.893,50
Total a aboar polo concello de Santiago. Prezo de licitación	193.024,46

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2013

O Xefe de Sección de Educación

Asdo. Xosé Manuel Rodríguez -Abella Gómez

